

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	CURSO 2023/2024
4PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “CHALÉ ROSA”	DOCUMENTO SOLICITUDE DE NOVO INGRESO

DATOS DA NENA OU DO NENO

APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DATA DO ACOLLEMENTO	
GRUPO DE IDADE O QUE ACCEDE		DISCAPACIDADE <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE EN CALIDADE DE: NAI, PAI, TITORA OU TITOR LEGAL, ACOLLEDOR/A

NIF/NIE	APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		LOCALIDADE	PROVINCIA	C.P.
CENTRO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SS.SS	TELÉFONO DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (INCLUIDA A PERSOA SOLICITANTE)

<i>NOME</i>	<i>APELIDOS</i>	<i>NIF/NIE</i>	<i>DATA DE NACEMENTO</i>	<i>PARENTESCO</i>	<i>SITUACIÓN LABORAL</i>
Nº MEMBROS UNIDADE FAMILIAR					



<p>CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES</p> <p><input type="checkbox"/> Familia numerosa <input type="checkbox"/> Familia monoparental <input type="checkbox"/> Máis dunha/dun irmá/n na escola infantil <input type="checkbox"/> Familia acolledora <input type="checkbox"/> Rapaz/a nada en parto múltiple</p>	<p>SERVIZOS SOLICITADOS</p> <p><input type="checkbox"/> Asistencia con comedor <input type="checkbox"/> Asistencia sin comedor <i>Quendas: indicar a orde de preferencia, se é o caso (1º,2º,3º)</i></p> <p><input type="checkbox"/> Completa <input type="checkbox"/> Tarde: xornada de 4 horas <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Maña xornada de 6 horas <input type="checkbox"/></p>
<p>OBSERVACIÓNS</p>	
<p>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE</p> <p style="text-align: right;">....., de..... de 2023</p>	

CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS DO ILMO. CONCELLO DE PONTEDEUME

Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento da situación socio familiar, da situación laboral, da situación da vivenda ou da situación económica reflectidas na solicitude, poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos datos referidos.

Poderase requirir a persoa solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente.

Só se terán en conta a efectos de baremación do expediente os extremos alegados cos documentos arriba indicados.

A omisión, falsidade dos datos ou dos documentos achegados e a duplicidade de solicitudes no momento da matriculación serán causa de anulación.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- Por cada persoa da unidade familiar..... 2 puntos
- Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao seu cargo..... 1 punto
- No caso de que o/a neno/a para quen se solicita a praza nacesse nun parto múltiple..... 1 punto
- Por cada persoa da unidade familiar afectada de discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico..... 2 puntos
- Pola condición de familia monoparental..... 3 puntos
- Por ausencia do fogar familiar de ambos membros parentais 6 puntos
- Pola condición de familia numerosa..... 3 puntos
- Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas.....ata 3 puntos

II. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

2.1.- Situación laboral de ocupación:

- Nai 7 puntos
- Pai..... 7 puntos

2.2.-Situación laboral de desemprego (1):

- Nai..... 2 puntos
- Pai..... 2 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación.

No caso de familias monoparentais ou daquelas en que o neno ou nena conviva cunha soa persoa proxenitora, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondiente computando por dous.

Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

III. SITUACIÓN ECONÓMICA

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30% do IPREM..... + 4 puntos
- Entre o 30% e o 50% do IPREM..... + 3 puntos
- Superior ao 50% e inferior ó 75% do IPREM..... + 2 puntos
- Entre o 75% e o 100% do IPREM..... + 1 punto
- Superior o 100% e inferior o 125% do IPREM..... - 1 punto
- Entre o 125% e o 150% do IPREM..... - 2 puntos
- Superior ó 150% e inferior ao 200% do IPREM..... - 3 puntos
- Igual ou superior ao 200% do IPREM..... - 4 puntos



DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Copia do D.N.I. ou NIE de tódolas persoas da unidade familiar
- Copia do libro de familia ou no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental (Art. 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores aso seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento).
- Copia do título de familia numerosa
- Copia da declaración do IRPF do 2021 ou, no seu caso, certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria relativo aos ingresos do ano 2021. Os profesionais autónomos acreditarán tamén os pagamentos fraccionados do 2021.
- Xustificante de ocupación ou de desemprego actualizado (copia da última nómina, certificado de vida laboral, certificación de empresa, último recibo de pago da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou certificación de ser demandante de emprego).
- Certificado da discapacidade ou dependencia alegada polos membros da unidade familiar
- Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- Certificado da discapacidade ou dependencia do neno ou da nena e informe sobre a necesidade de integración na escola infantil .
- Documentación acreditativa de incidentes tales como: abandono do fogar do cónxuxe, maltrato,etc.
- Documentación acreditativa do acollemento
- Informe dos servizos sociais municipais, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais nas que viva a unidade familiar.

....., de de 20.....
(sinatura da persoa solicitante)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Vostede, D./D^a. _____ con DNI _____
_____, declara ser NAI, PAI, TITORA OU TITOR LEGAL,
ACOLLEDOR/A de _____ polo tanto,
procedemos a informarlle do tratamento de datos de carácter persoal que faremos.

O Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección en RÚA REAL N° 13, 15600 - PONTEDEUME (A CORUÑA); correo@pontedeume.gal.

1 DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEDEUME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@pontedeume.gal

2 Finalidade do Tratamento: Os datos serán utilizados para atender a súa solicitude de praza na Escola Infantil Municipal, así como para levar a cabo a xestión administrativa que se poida derivar da mesma: admisión, matrícula, abono de cuotas...

Datos de Saúde: Có único fin de salvagardar a seguridade do menor, poderemos solicitarlle información sobre o seu estado de saúde, alerxias ou intolerancias alimentarias. De este xeito evitaremos calquera incidente á hora de organizar as actividades do Concello. Deberá terse en conta que, no caso de omitir algún tipo de información ou de que non nos informe correctamente, poderán producirse danos no menor do que só vostede será responsable.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de admisión no Centro de Atención á Infancia do CONCELLO DE PONTEDEUME.

Uso De Fotografías: Co fin de promocionar as actividades organizadas pola Escola Infantil Municipal, gustaríanos que nos autorizase a utilizar as fotografías do menor nas redes sociais e/ou páxina web www.pontedeume.gal deste Concello. Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:

Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías da/o menor a través das redes sociais e da páxina web mencionada.

Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías da/o menor a través das redes sociais e da páxina web mencionada.

Prazo de Conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado pola Lei 3/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia en concordancia co artigo 6 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á Familia e Convivencia de Galicia e/ou polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

Para o uso de fotografías, a lexitimación baséase única e exclusivamente no seu consentimento. Por eso, non poderemos utilizar os datos persoais da/o menor con estes fins, salvo que vostede marque a casa na que nos outorga o seu consentimento.



4.-Destinatarios de Cesiones: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

🕒 CONCELLO DE PONTEDEUME cederá os seus datos de carácter persoal á empresa Fesán, contratada para desenvolver as actividades pedagóxicas da escola, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.

- Empresas, provedores e administracións públicas colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE PONTEDEUME directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionáís, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.- Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE PONTEDEUME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@pontedeume.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.